

**A C T A 1/2022**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 2 DE FEBREIRO DE 2022 -**

Na Casa do Concello, a dous de febreiro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiras/os:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero  
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar  
D.<sup>a</sup> María López Álvarez  
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo  
D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil  
D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz  
D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil  
D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva  
D. José Manuel Elías Noya  
D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González

**Non asisten, previa escusa:**

D. José Manuel Guerra Calvelo  
D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal  
D. Manuel Barreiro Rozados

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 27/10/2021**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1434/21 Á RES 1466/21, E DA RES 01/22 Á RES 109/22 )**
- 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELLEIRO DE D. MANUEL BARREIRO ROZADOS**
- 4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DA CONCELLEIRA DNA. MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ COMO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO GDR “TERRAS DE COMPOSTELA”**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS+ 2022**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2022 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS**
- 7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO AO PRESIDENTE DO GOBERNO O CESAMENTO DO MINISTRO DE CONSUMO**
- 8.- MOCIÓNS**
- 9.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde aclara que o Pleno que se vai a celebrar é o ordinario do mes de xaneiro que, previo acordo entre os distintos grupo, retrasouse unha semana.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do portavoz do PP, D. José M. Guerra Calvelo, e da concelleira do PP, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Nariño Facal, sinalando que pos diversos motivos

non puideron asistir, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 27/10/2021.**

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de outubro de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1434/21 Á RES 1466/21, E DA RES 01/22 Á RES 109/22 ).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 23 ata o 31 de decembro de 2021, que comprenden os números 1434 ao 1466, e dende o 1 ata o 27 de xaneiro de 2022, que comprenden os números 1 ao 109, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

### **3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELLEIRO DE D. MANUEL BARREIRO ROZADOS.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 28 de xaneiro de 2022, que se recolle a continuación.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Asunto: TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE D. MANUEL BARREIRO ROZADOS**

Visto o escrito asinado por D. Manuel Barreiro Rozados, membro do grupo municipal do BNG, de data de 09 de xaneiro de 2022 (registro de entrada núm. 33 do 09/01/2022) solicitando que se faga efectiva a renuncia á súa acta de concelleiro da Corporación local.

Considerando que segundo o disposto na Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, cando se presente escrito de renuncia do cargo de concelleiro, o Pleno da entidade local da que

forme parte tomará coñecemento da mesma, remitindo certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral de Zona, durante o período de mandato da mesma, en orde ás eleccións locais, e á Xunta Electoral Central unha vez concluído o mandato de aquela, aos efectos de proceder á substitución, conforme ao disposto na Lei orgánica de Réxime Electoral Xeral.

En virtude do exposto e considerando o establecido na instrución citada e na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 9 de xaneiro de 2022 (registro de entrada núm. 33 do 09/01/2022) por D. Manuel Barreiro Rozados.

**Segundo.**- De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a Dña Patricia Castelao Ferreiro.

Teo, 28 de xaneiro de 2022.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira”

O sr. alcalde di que quere aproveitar esta circunstancia para facer un recoñecemento público, que cree que é compartido, do traballo e do talante persoal que, polo menos con el, sempre amosou o sr. Barreiro, ao que lle agradece e recoñece o seu traballo.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 5 PP e 1 BNG), acorda:**

**Primeiro.**- Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 9 de xaneiro de 2022 (registro de entrada núm. 33 do 09/01/2022) por D. Manuel Barreiro Rozados.

**Segundo.- De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a Dna Patricia Castelao Ferreiro.**

**4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DA CONCELLEIRA DNA. MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ COMO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO GDR “TERRAS DE COMPOSTELA”.**

O sr. alcalde explica que ao tratarse dun asunto non ditaminado pola correspondente Comisión informativa, resulta preciso ratificar a inclusión do asunto na orde do día, xustificándose a urxencia en que senón non habería representación no GDR e por iso urxe o tema.

**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.**

O sr. alcalde da conta da proposición de 28 de xaneiro de 2022, que se recolle a continuación.

**“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA**

O Pleno da Corporación, na sesión do 31/07/2019, acordou o nomeamento de representantes en órganos colexiados.

En dita proposición designouse, com representante da Corporación no GDR “Terras de Compostela” á concelleira Dna. Iria Otero Romero.

Por Resolucíons da Alcaldía do 09/09/2020 (Res 803/2020) e do 04/10/2021 (Res 1052/2021) produciuse a reorganización de áreas, pasando a asumir as competencias de Desenvolvemento Local a concelleira Dna. María López Álvarez.

Sendo necesario que a concelleira da área poida asistir ás xuntanzas que convoca regularmente o GDR “Terras de Compostela”

Á vista do disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno é o que debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro**.- Nomear á concelleira Dna. María López Álvarez como representante desta Corporación no GDR “Terras de Compostela”.

**Segundo**.- Dar traslado do presente acordo á concelleira e notificalo ao GDR “Terras de Compostela”, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, 28 de xaneiro de 2022.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira”

O sr. alcalde explica que como todos saben a sra. Otero dende fai uns meses deixou a dedicación exclusiva e non pode atender as cuestións do Concello, como grupo de goberno, no día a día sendo a sra. Álvarez a persoa que cubre esas necesidades e por iso sería a persoa nomeada, en substitución da sra. Otero.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 5 PP e 1 BNG), acorda:**

**Primeiro**.- Nomear á concelleira Dna. María López Álvarez como representante desta Corporación no GDR “Terras de Compostela”.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo á concelleira e notificalo ao GDR “Terras de Compostela”, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

## **5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS+ 2022.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 24 de xaneiro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 27 de xaneiro de 2022.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: Acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”**

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), “POS+ 2022”, publicadas no BOP nº 228, de 30 de novembro de 2021.

Tomando en consideración as necesidades municipais así como as suxestións veciñais e dos partidos con representación institucional no Concello de Teo, proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

#### **A) Financiamento de gastos correntes:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	323.689,56
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>323.689,56</b>

## B ) Financiamento de investimentos:

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	Deputación	Concello	Orzamento total
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	220.999,98	55.0000	275.999,98
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO	145.514,71	35.000	180.514,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO	85.828,53	25.343,57	111.172,10
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>452.343,22</b>	<b>115.343,57</b>	<b>567.686,79</b>

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

## C) Resumo:

<b>POS+ 2022 RESUMO DEFINANCIAMENTO</b>		Deputación	Concello	Total
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2022</b>	323.689,56	0.00	323.689,56
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2021</b>	452.343,22	115.343,57	567.686,79
	<b>TOTAL</b>	<b>776.032,78</b>	<b>115.343,57</b>	<b>891.376,35</b>

**Segundo.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	92.855,93
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	215.368,49
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09
<b>TOTAIS</b>	<b>901.012,22</b>



**Terceiro.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

**Quinto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Sexto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sétimo.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Octavo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta”.

O sr. alcalde explica que a proposta de obras para o POS non se cingue ás recollidas na proposta, senón que, como se viu na Comisión, comprende todas aquelas que acordaron e que se concretan en torno aos 300.000€ por cada grupo que forma parte da Corporación, as cales se priorizaron e en función diso se fixo a proposta. O sr. alcalde di que quere aclarar que, tal e como xa se comunicou as portavoces, que amosaron a súa conformidade, hai que aprobar as obras e os proxectos e, tratándose da obra da Póboa, hai un erro no proxecto, e así nas páxinas 12, 35 e 99 a cifra final está cambiada, o cal xa foi debidamente corrixido e será o que se someta a votación.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, anuncia o apoio do seu grupo. Sinala que dende o seu grupo desexan que as obras se realicen canto antes, sobre todo as que teñen urxencia, coma por exemplo as obras para corrixir a turbidez da auga en Campos de Mirabel, que levan tanto anos sufrindo ese problema, e que foi unha proposta do BNG e quedouse en que se ía a realizar cos fondos do gasto corrente. Sinala que estarán pendentes e que desexan que todas as obras se fagan canto antes para o ben de toda a veciñanza.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen anuncia o voto do seu grupo a favor da proposta de consenso. Sinala que na obra do Sisto estiveron analizando o proxecto e non comprenden algunhas das cousas que foron previamente comentadas. Explica que non comprenden demasiado ben a execución, sobre todo no que atinxe á senda peonil que vai a pasar na parte mais estreita da obra, e ademais no proxecto non consta nada respecto dos cambios de sentido que se van a producir ou do sentido único que se vai a facer. Sinala que por outra parte, aínda que non se contempla nestes proxectos, é un ha teima do portavoz do grupo municipal do PP, sr. Guerra, dende fai anos, que sempre que se fagan obras novas se procure a retirada de postes e a ocultación dos cables que hai polas aldeas, polo que prega que así ocorra nas seguintes execucións.

O sr. alcalde sinala que, tratándose da turbidez da auga de Campos de Mirabel, o proxecto está encargado, porén hai varias opcións e búscase que a solución que se adopte sexa unha definitiva e por iso aínda tardará un mes ou mes e medio en entregarse o proxecto. Sinala que está en torno aos 40.000 €, polo que esperan que sexa de pronta execución, e ademais en todo caso non pode ir no POS porque se ten que desenvolver sobre terreos privados. Tratándose da senda do Sisto o sr. alcalde pide ao grupo municipal do PP que fale co arquitecto municipal, para aclarar eses aspectos, e en función desa conserva se trate na Xunta de portavoces e se hai que facer algún cambio facelo canto antes, porque esa conversa vai a valer máis que o que lles poida aclarar el.

O sr. alcalde di que asumen o empeño do sr. Guerra na retirada dos postes, aínda que é certo que pelexar con Telefónica é das cuestións máis complicadas do mundo.

Preguntado polo sr. alcalde, as/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 5 PP e 1 BNG), acorda:**

**Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:**

**A) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	323.689,56
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>323.689,56</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	220.999,98	55.0000	275.999,98
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO	145.514,71	35.000	180.514,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO	85.828,53	25.343,57	111.172,10
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>452.343,22</b>	<b>115.343,57</b>	<b>567.686,79</b>

**Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.**

**C) Resumo:**

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	Total
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2022</b>	323.689,56	0.00	323.689,56
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2021</b>	452.343,22	115.343,57	567.686,79
	<b>TOTAL</b>	<b>776.032,78</b>	<b>115.343,57</b>	<b>891.376,35</b>

**Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:**

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	92.855,93
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	215.368,49
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09
<b>TOTAIS</b>	<b>901.012,22</b>

**Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.**

**Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.**

**Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.**

**Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións**

incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sétimo.**- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Octavo.**- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.

## **6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2022 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, D. Xosé I. Igrexas Vilar.

O sr. Igrexas da conta da proposta de 24 de xaneiro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 27 de xaneiro de 2022.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Asunto: Acordo de aprobación do POS+Adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**

Vistas as bases reguladoras do POS+Adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, publicadas no BOP nº 228, de 30 de novembro de 2021.

Tomando en consideración as necesidades municipais determinadas pola experiencia acumulada nos últimos meses, así como as suxestións e iniciativas do persoal técnico dos Servizos Sociais municipais

Proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+Adicional 1/2022**” da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial preasignada que figura nas bases do POS+Adicional 1/2022	113.291,34€
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	113.291,34€

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2022</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b>
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.  As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	130.000,00	30.000,00	100.000,00

c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	817.117,80	714.947,19	102.170,61
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	39.268,35	39.268,35	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>986.386,15</b>	<b>784.215,54</b>	<b>202.170,61</b>

**Segundo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 5 PP e 1 BNG), acorda:**

**Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+Adicional 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación**

Achega provincial preasignada que figura nas bases do POS+Adicional 1/2022	113.291,34€
--	-------------

Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios

113.291,34€

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2022</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b>
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	130.000,00	30.000,00	100.000,00
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	817.117,80	714.947,19	102.170,61
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>	39.268,35	39.268,35	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>986.386,15</b>	<b>784.215,54</b>	<b>202.170,61</b>

**Segundo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



## **7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO AO PRESIDENTE DO GOBERNO O CESAMENTO DO MINISTRO DE CONSUMO.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo da conta da moción do seu grupo de 13 de xaneiro de 2022 (Rex. 999, nº entrada 85), que se recolle a continuación, ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 27 de xaneiro de 2022.

### **“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE TEO PARA ESIXIR AO PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA O CESAMENTO INMEDIATO DO MINISTRO DE CONSUMO POLOS SEUS ATAQUES Á GANDERÍA E AO SECTOR CÁRNICO ESPAÑOL**

O Grupo Municipal Popular do Concello de Teo, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Segundo o Informe Anual da Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a industria cárnica é:

- a terceira en canto a número de empresas que o integran: 3.641 empresas, o 11,9% do total de empresas que conforman a Industria Alimentaria Española.

A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, o 67% desas empresas teñen menos de 10 traballadores (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).

É dicir, esta industria está formada predominantemente por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.

- e en 2020 achegou case 9.000 millóns € de exportacións á balanza comercial de España contribuíndo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.

Se falamos de eficiencia, sustentabilidade e respecto ao medio ambiente e ao benestar animal, a produción gandeira de carne representa unicamente o

5,8% do total de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro a nivel mundial; o 80% das cales se producen en países en vías de desenvolvemento.

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (ANICE) -a maioritaria no sector- adoptou en 2019 o acordo de instalar cámaras de vídeo-vixilancia en matadoiros, con obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Este acordo traducíuse nunha solicitude formal, en outubro de 2019, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Ademais, este sector cumpre con toda a regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos elabóranse na Unión Europea.

Fronte a estes datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar, nunha entrevista concedida ao xornal británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais maltratados (“...they export this poor quality meat from these ill-treated animals”).

Unhas declaracións que como podemos ver, revisando os datos publicados polo propio goberno, son rotundamente falsas e demostran ou a profunda ignorancia deste membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas as cousas á vez.

En todo caso, non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca a unha das industrias alimentarias máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade, benestar animal e calidade alimentaria, que dá traballo por centos de miles de españois e é unha ferramenta fundamental para loitar contra o despoboamento.

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo Ministro de Consumo, xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun Ministro cuxa misión é apoialos; e se observa marxe de mellora, poñer en marcha medidas desde o seu departamento ou conxuntamente con outros ministerios.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Teo, presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO.** – Esixir ao Presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo Ministro de Consumo e o cesamento do mesmo

polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis puxantes do noso país, o cárnico, que leva anos mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e o benestar animal.

SEGUNDO. Esixir ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, competente na materia, que, cos datos de que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que devandito sector avance en sustentabilidade.

TERCEIRO. – Recoñecer o gran traballo realizado polos miles de gandeiros españois así como dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos para facer que o sector gandeiro cárnico adaptácese ás novas esixencias, regulatorias e sociais, en materia medio ambiental, de benestar animal e calidade e seguridade alimentaria alcanzando os máximos estándares de calidade nas devanditas materias”.

A sra. Calvo sinala que o seu grupo considera que un Ministro do Goberno non pode facer unhas declaracións tan irresponsables, tan osadas, e amosando tal nivel de ignorancia ao respecto. Sinala que fai referencia á irresponsabilidade porque o Ministro está poñendo en risco a máis de dous millóns de postos de traballo, e ao cuarto sector industrial do país, que é fundamental na economía rural e na loita contra a despoboación, e de impacto directo en Galicia. Con respecto á osadía do Ministro indica que supoñen que sabe que existe un Ministerio de Agricultura, con competencia no control da produción e coa obriga de impulsar a calidade e as exportacións agroalimentarias. Pensa a sra. Calvo que tamén é ignorante porque as normas de benestar animal son as mesmas en toda Europa, é dicir, que xa de paso, como non lle chegou con meterse co sector tamén insultou aos socios europeos. Estas normas son as que cumpren estritamente os gandeiros e toda a industria cárnica en Europa, que son as máis esixentes do mundo. Opina a sra. Calvo que eses comentarios fan un dano ao sector incalculable e que dende logo seu grupo sempre vai facer unha defensa firme do sector gandeiro e da súa industria cárnica, por iso esixen responsabilidades. Recoñece tamén o esforzo do sector, que grazas a el Galicia é un referente mundial e España tamén, en produción cárnica de calidade e que se exporta por un valor de 9 millóns de euros e a máis de 130 países. Remata a sra. Calvo a súa intervención sinalando que pensa que queda bastante clara a intención da moción e que non todo vale, e máis nunha persoa que fala e que o que di ten unha repercusión importante.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, sinala que a sra. Calvo dixo que “*non todo vale*” e precisamente a moción do PP é unha das cousas que menos vale.

Manifesta que o BNG non vai entrar a saco neses bulos e nesas tonterías, e que simplemente vai dicir que a moción carece de todo sentido. Pídelle ao grupo municipal do PP que por favor deixen de facer de altofalantes dos bulos que se lle ocorren ao seu xefe en Madrid, que non teñen máis obxectivo que desviar a atención da corrupción do seu partido e crispas a vida política. Non entende a sra. Diéguez a que vén a moción que se presenta, e pregúntase a que ven ademais tanta preocupación do PP de Teo polas declaracións sobre as macrogranxas que fixo o sr Garzón, e a que vén tanta preocupación polo tema en xeral, pois consideran que non ten que ver moito coa realidade de Teo nin de Galicia.

Sinala a sra. Diéguez que o seu grupo pensa que realmente ao PP non lle preocupa en absoluto a realidade do sector gandeiro galego. Se así fose saberían que o sector gandeiro galego supón un 34% da produción final agraria fronte ó 17,5% da media do estado español, polo que estes datos demostran a importancia do sector primario na economía galega. A produción maioritaria de carne de bovino e de ovino en Galicia é extensiva, con base territorial, con cría e engorde a base de pastos e forraxe e moi pouco penso, e produce carne de calidade baixo distintas indicacións xeográficas protexidas.

Sinala a sra. Diéguez que das vinte e dous mil explotacións en extensivo que hai en Galicia, un 50% son profesionais e a outra metade son de autoconsumo e todas teñen un nexo común, que é que son respectuosas co medio ambiente, dan vida ó rural, son clave na loita contra o abandono e contra os lumes, e producen unha carne de excelente calidade. Pensa que o PP non sabe cal é o problema da gandería galega porque se o soubese ou se tivesen gañas de poñerlle solución, non virían ao Pleno con eses bulos e esas tonterías. A sra. Diéguez di que non entende exactamente o que queren dicir coa moción presentada, pois pensa que é un galimatías o que a sra. Calvo expuxo.

Salienta a sra. Diéguez que o gran problema da gandería galega é que se está a obrigar ós gandeiros e gandeiras a vender por baixo dos custes, e que hai un dato que fala por si só, e é que nos anos 70 pagábase o quilo de carne ao que hoxe equivalería a 6 €/kg, e na actualidade, 50 anos despois, págase a 5 €/kg, no mellor dos casos. Considera que esa situación é insostible e que hai que darlles alternativas e tomar medidas.

Pregúntase a sra. Diéguez onde están o presidente do goberno galego e a Consellería, e que fan ante esta situación, pero pensa que dende logo o que non fan é tomar medidas, solucionar os problemas. Manifesta que cómpre que o PP e o presidente da Xunta deixen de envolverse na bandeira dos bulos facendo seguidismo da estratexia da extrema dereita e poñan en marcha solucións e medidas eficaces para garantir prezos xustos ós e ás produtoras de carne do país galego. Iso é o que reclama o seu grupo, o BNG, que a Xunta adopte medidas que garantan que os gandeiros e as gandeiras non vendan por debaixo dos custos e iso require que fagan cumprir a lei da cadea alimentaria, empezando por fixar os prezos reais da produción.

Sinala a sra. Diéguez con respecto ás macrogranxas que xeran problemas no territorio, perda de emprego, peches de granxas familiares e extensivas, contaminación con nitratos, e outros efectos, e por ese feito o Estado español ten aberto un expediente dende o ano 2018 e foi denunciado pola Comisión europea, polo incumprimento da normativa comunitaria.

Ese parece que é o modelo do PP, defende as macrogranxas, que crean numerosos problemas medioambientais, sociais, e mentres a Consellería de Medio Rural dende o ano 2013 vén reducindo ano a ano as partidas do programa de desenvolvemento rural destinadas ás axudas agroambientais ou ás organizacións compensatorias por zonas con delimitacións naturais e zonas de montaña, un ataque en toda regra á gandería extensiva.

A sra. Diéguez pídelle ao grupo municipal do PP que se deixen de oportunismos partidarios, de ataques partidistas, de difundir bulos, e que asuman as súas

responsabilidades. Pídelles tamén que defendan e apoien o modelo de produción cárnica predominante en Galicia que é respectuoso co medio ambiente, que da vida ó medio rural e que produce carne de calidade.

Intervén a portavoz do BNG, sra. Lemus, quen sinala que non hai nada máis que dicir, e que o seu grupo vai votar en contra da moción.

Intervén o portavoz de Son de Teo, sr. Igrexas, e sinala que o seu grupo non vai entrar a valorar o fondo desta moción porque consideran que falar dos bulos e dedicarlle tempo vai en contra da política de responsabilidade. Entenden que o grupo municipal do PP presenta unha moción que se presentou en todo o Estado e que o fan porque o seu partido lla envía. Sen embargo entende que é unha forma bastante noxenta de facer política, que quenta motores e logo hai algúns elementos que despegan e é cando se botan as mans á cabeza.

O sr. alcalde cree que, ao igual que dicía a sra Diéguez, é unha estratexia da extrema dereita, copiada directamente da política americana, e que por determinadas razóns o PP a asume como propia, nun alarde dun cálculo electoral, que pensa que é bastante equivocado.

Manifesta que neste caso tamén contou coa inestimable colaboración dalgúns ministros do goberno amigo, que tamén nun alarde de estratexia e non se sabe moi ben por que, inflaron un pouco máis este bulo, sen ningún tipo de sentido.

O sr. Igrexas sinala que el non pode saber se toda a carne de España é boa, que supón que haberá algunha boa e outra mala, coma en todos os lados, e tampouco é quen de dicir que ningún animal é maltratado, pois aínda non pode dicilo sequera das persoas. Entón simplemente cree que é evidente que as granxas industriais teñen un modelo de produción determinado, e que no Concello de Teo, sen chegar a ser macrogranxas, sufríronse dúas en directo e que a xente de Rarís e a xente de Lucí sabe perfectamente cales son as consecuencias destas instalacións, incluso das macrogranxas controladas, e ata o río Santa Lucía debe de saber un pouco tamén cal é

a consecuencia das granxas industriais. Lembra tamén que a gandería industrial en Galicia conseguiu que o encoro das Cunchas sexa declarado como encoro contaminado, que non sexa apto para o baño e que sexa unha das masas de auga na Galicia continental contaminadísima por nitratos. Indica que o Sindicato Labrego Galego leva anos denunciando o que pasa e agora xa se tivo evidencia de que aquilo é totalmente perigoso.

O sr. Igrexas sinala que pouco máis ten que engadir e que entende que traian a moción, pois sabe como funcionan os partidos, pero é unha forma de facer política que non ten sentido.

A sra. Calvo sinala que de todo o que se dixo o que máis lle sorprende é o tema do bulo. Pregunta se o resto dos membros da Corporación pensan entón que o xornal “*The Guardian*” mentiu, ou que non dixo a verdade, ou que citou mal ó Ministro, e se é así, se a prensa española se fixo toda eco dun bulo. Pide máis seriedade e, dirixíndose á sra Diéguez, pídelle que deixe os dogmas a un lado e sexa máis proactiva.

Sinala a sra. Calvo que se é certo que este tema non ten nada que ver en Teo, habería que preguntarse onde merca a xente a carne e se non hai carnicerías en Teo. Indica que iso forma parte todo da cadea cárnico-gandeira no seu conxunto, que haberá xente que é vexetariana e non consuma carne, pero iso é unha realidade. Non entende, se era un bulo, por que o propio Ministro saíu desdicindo ao seu compañeiro de gabinete. Pensa que este tema si que atañe ao Concello de Teo, e que o fai máis que calquera moción referente á Monarquía e as mocións en apoio ao rapeiro Hássel, porque isto ten un impacto real en Teo.

Explica a sra. Calvo que as macrogranxas non existen, porque a regulación española é das máis estritas de Europa respecto ao tamaño e ás esixencias ambientais, de benestar e bioseguridade, que deben cumprirse en todas as explotacións gandeiras, e senón para iso están os inspectores, para sancionar. O Estado ten os seus mecanismos e as Comunidades Autónomas os seus, como ben se saben todos.

Considera a sra. Calvo que o que está claro é que o resto dos grupos da Corporación desprezan claramente ao sector gandeiro de toda Galicia, pois é o que entendeu e sacou en conclusión, e tamén desprezan aos postos de traballo directos e indirectos que xeran, engadindo que así tamén o entenderon os gandeiros e os consumidores.

Preguntado polo sr. alcalde, apertúrase unha segunda quenda de intervencións.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, sinala que non vale a pena intervir de novo, e que o seu grupo vai votar en contra.

O sr. Igrexas aclara que non desprezan a ninguén, e que el mesmo ten unha explotación agraria, é titular dunha legalmente, e ten bastante claro cal é a produción, como se produce carne de calidade e como non se produce carne de calidade.

Rematadas as dúas quendas de intervención, o sr. alcalde explica o proceso da votación. Sinala que esta moción foi ditaminada negativamente na Comisión Informativa, e que normalmente o que se procede a votar é o ditame da dita Comisión. Porén, de calquera xeito, vaise manter o voto a favor ou non da propia moción, independentemente de que fose ditaminada en contra, para que non dea lugar a equívocos.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con cinco votos a favor (5 PP) e nove votos en contra (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda rexeitar a moción do grupo municipal do PP, de 13 de xaneiro de 2022 (Rex. 999, nº entrada 85), para esixir o cesamento inmediato ao Presidente do goberno de España do Ministro de consumo polos seus ataques á gandería e ao sector cárnico español.**

## **8.- MOCIÓNS.**

8.1.- O sr. alcalde explica que a Xunta de Portavoces acadou un acordo para presentar unha moción conxunta de todas as forzas da Corporación en homenaxe ao grupo Tanxugueiras.



Refírese o sr. alcalde á participación do grupo no festival para a escolla de representante artístico no Estado para Eurovisión e á mobilización social a favor do grupo e en contra da actitude ou do valorado polo xurado. Salienta que, máis alá diso, o que valoraron todos os grupos foi que trasladasen coa súa música e baile unha mensaxe da Galicia actual que, sen renunciar ás orixes, se adapta ós novos tempos, demostrando que o galego é unha lingua viva e que lonxe de pechar fronteiras abre novos horizontes dos que toda a Corporación se sente orgullosa.

Explica o sr. alcalde que, tendo en conta iso, o acordo que se toma colectivamente é homenaxear ao grupo Tanxugueiras, dándolles o recoñecemento público en nome da cidadanía de Teo pola súa traxectoria, e nomear como “Parque das Tanxugueiras” a área recreativa situada na Carballeira de Luou, parroquia natal de dúas delas, e que actualmente está en construción. No momento da súa inauguración organizarase un acto público contando coa presenza do grupo. Aclara o sr. alcalde que as propias Tanxugueiras foron consultadas previamente.

**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción conxunta de todas as forzas políticas da Corporación de Teo sobre homenaxe ao grupo Tanxugueiras dándolle o seu nome á area recreativa da carballeira de Luou.**

Reprodúcese a continuación a moción conxunta de todas as forzas política da Corporación de Teo, de 2 de febreiro de 2022.

**“MOCIÓN CONXUNTA DE TODAS AS FORZAS POLÍTICAS DA  
CORPORACIÓN DE TEO**

***Homenaxe ao grupo Tanxugueiras dándolle o seu nome á área recreativa da carballeira de Luou.***

*O Concello de Teo acompaña dende hai tempo ao grupo Tanxugueiras, veciñas deste concello por orixe ou adopción, no seu crecemento artístico. Nos últimos meses, con motivo da súa participación nun festival para a escolla do representante artístico do*

*Estado para Eurovisión, veñen de defender un tema galego, “Terra”, que conseguiu emocionar ao público nacional e internacional provocando unha mobilización social sen precedentes a prol dun grupo galego.*

*As Tanxugueiras trasladan coa súa música e baile unha mensaxe da Galicia actual que, sen renunciar ás orixes, adáptase aos novos tempos demostrando que o galego é unha lingua viva que lonxe de pechar fronteiras ábrenos novos horizontes dos que sentímonos orgullosas.*

*Son, ademais, mulleres que beben da tradición doutras moitas que antes nos precederon ás que renden homenaxe coa súa música e que abandeiran, dende o feminismo, a tradición e identidade.*

*Tomando en consideración o arriba exposto, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:*

***Homenaxear o grupo Tanxugueiras dándolle o recoñecemento público en nome da cidadanía de Teo pola súa traxectoria e acordar nomear, como “Parque das Tanxugueiras”, a área recreativa situada na carballeira de Luou, parroquia natal de dúas delas, actualmente en fase de construción, e no que se organizará un acto público contando coa súa presenza no momento da inauguración.***

*Teo, a 2 de febreiro de 2022”*

Preguntado polo sr. alcalde, os grupo municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 5 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda homenaxear o grupo Tanxugueiras dándolle o recoñecemento público en nome da cidadanía de Teo pola súa traxectoria e acordar nomear, como “Parque das Tanxugueiras”, a área recreativa situada na carballeira de Luou, parroquia natal de dúas delas, actualmente en fase de construción, e no que se organizará un acto público contando coa súa presenza no momento da inauguración.**

**8.2.-** A sra. Dieguez explica que, aínda que o sr. alcalde acaba de expoñer o acordo de toda a Corporación para homenaxear ás Tanxugueiras, a moción do BNG incorpora un

punto máis, o 3, relativo ao compromiso de apoiar, nos estamentos en que teñen representación, as iniciativas que se presenten para aclarar as irregularidades detectadas na CRTVE en torno á organización do evento “Benidorm Fest”, e denunciar o recorrente desprezo pola lingua e a cultura galegas que se fai desde esta canle pública, financiada tamén polas galegas e galegos, e que, polo tanto, debe garantir a absoluta transparencia e criterios equitativos na súa programación.

**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do BNG de recoñecemento A Tanxugueiras pola súa contribución á difusión da lingua, cultura e música galegas.**

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 2 de febreiro de 2022 (rex. entrada nº 443, de 01/02/2022) que se reproduce a continuación.

*“MOCIÓN DE RECOÑECIMENTO A TANXUGUEIRAS POLA SÚA CONTRIBUCIÓN  
Á DIFUSIÓN DA LINGUA, CULTURA E MÚSICA GALEGAS*

*Hai algo que está emerxendo. Unha Galiza poderosa, orgullosa de si, que bebe da tradición e da identidade e traballa con ela como o que é, algo vivo. As Tanxugueiras representan esa Galiza orgullosa, poderosa, universal, feminista e sen límites.*

*Temos que ser quen de devolverlle ás nosas cantadeiras todo o que nos fixeron gozar, soñar e de facernos sentir fachendosos e fachendosas do noso. Recoñecer o éxito acadado e a súa contribución á difusión da lingua, cultura e música galegas demostrando que cando cremos e apostamos polas potencialidades de Galiza “non hai fronteiras” que poidan pararnos.*

*As Tanxugueiras, veciñas deste concello, conseguiron ilusionar todo un pobo, facelo soñar, traspasar todos os lindes coa excelente acollida entre o público nacional e internacional e a crítica especializada, pola súa calidade musical, con un tema que inclúe toda as linguas existentes no Estado español, que ten a capacidade de transmitir unha mensaxe de empoderamento feminino e modernización de Galiza.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello de Teo a adopción dos seguintes*

#### ACORDOS

- 1 Parabenizar as Tanxugueiras por todo o conseguido nestas últimas semanas e recoñecer a súa contribución á difusión da lingua, cultura e música galegas, desexándolles que o éxito as acompañe alá onde vaian e apoialas para que continúen espallando polo mundo a nosa lingua, a nosa música, en definitiva a nosa cultura.*
- 2. Apoiar e difundir a lingua, cultura e música galegas en todos os eventos que se impulsen desde o Concello de Teo, priorizando a aposta polas expresións artísticas feitas na Galiza e en galego.*
- 3 As forzas políticas presentes na Corporación municipal de Teo comprométense a apoiar, nos estamentos en que teñen representación, as iniciativas que se presenten para aclarar as irregularidades detectadas na CRTVE en torno á organización do evento “Benidorm Fest, e denunciar o recorrente desprezo pola lingua e cultura galega que se fai desde esta canle pública, financiada tamén polas galegas e galegos, e que, polo tanto, debe garantir a absoluta transparencia e criterios equitativos na súa programación”.*

Preguntado polo sr. alcalde, os grupo municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 5 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:**

- 1. Parabenizar as Tanxugueiras por todo o conseguido nestas últimas semanas e recoñecer a súa contribución á difusión da lingua, cultura e música galegas, desexándolles que o éxito as acompañe alá onde vaian e apoialas para que continúen espallando polo mundo a nosa lingua, a nosa música, en definitiva a nosa cultura.**

**2. Apoiar e difundir a lingua, cultura e música galegas en todos os eventos que se impulsen desde o Concello de Teo, priorizando a aposta polas expresións artísticas feitas na Galiza e en galego.**

**3. As forzas políticas presentes na Corporación municipal de Teo comprométense a apoiar, nos estamentos en que teñen representación, as iniciativas que se presenten para aclarar as irregularidades detectadas na CRTVE en torno á organización do evento “Benidorm Fest, e denunciar o recorrente desprezo pola lingua e cultura galega que se fai desde esta canle pública, financiada tamén polas galegas e galegos, e que, polo tanto, debe garantir a absoluta transparencia e criterios equitativos na súa programación.**

Antes de entrar no punto noveno da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha outra moción de urxencia, sen que se presente ningunha mais polos grupos municipais.

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Iniciado o punto de rogos e preguntas, o sr. alcalde sinala que quere comentar un par de cousas que presentou a sra. Lemus.

O sr. alcalde pide desculpas porque a sra. Lemus presentou unha solicitude de datos sobre subvencións directas que aínda non foi contestada, por se fixo unha mala interpretación pola parte da Alcaldía entre subvencións nominativas e subvencións directas, indicando que mañá sen falta será contestada, pois estaban recopilando os datos en servizos económicos.

Con respecto á pregunta oral formulada sobre tema das Tanxugueiras o sr. alcalde pensa que perdeu sentido, logo do acordo unánime adoptado. Logo de preguntarlle á sra Lemus se desexa manifestar algo con respecto ao tema esta responde que non.

Por último o sr. alcalde indica que hai unha terceira cuestión na que se quere parar, pois é un tema que se está a valorar e que incluso se pode tratar na Xunta de Portavoces. O tema fai referencia a un escrito que presentou a sra. Lemus, do que se ten falado varias veces, sobre a ampliación da rede de saneamento en Rivas.

Quere aclarar con respecto a isto que se están encargando os números reais para transmitilos, porque os avances que están dando, por exemplo en Fornelos para dar servizo a cinco casas, sería arredor de 50.000 € e en Sestelo a obra coa que se pretendía rematar a saída do saneamento pola parte de atrás vaise a 78.000 €, e en principio non teñen un financiamento específico. Di o sr. alcalde que se as casas afectadas son catro ou cinco, o servizo municipal de Augas pensa que tendo en conta que serían 78.000 € compensaría ir baleiralles a fosa séptica. Explica que, de calquera xeito, son números avanzados a “*grosso modo*” pero tan pronto dispoñan dos números reais trasladaranse á Xunta de Portavoces e aclararanse posturas alí.

A sra. Lemus pregunta por Rivas, posto que o sr. alcalde só falou de Fornelos e Sestelo.

O sr. alcalde responde que lle parece máis asequible a de Rivas. A súa apreciación é que podería andar en 25.000 ou 30.000 euros. De todas formas pensa que igual habería que poñer un límite xeral e global para ver canto por casa se podería gastar en saneamento, ou para definir prioridades. Sinala que en todo caso é mellor esperar a ver os números finais, que quizais poden estar listos para a próxima Xunta de Portavoces.

### **1.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.**

A concelleira do BNG, sra. Diéguez, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Diéguez sinala que a veciñanza lle trasladou que nas obras de Fornelos non hai seguridade viaria suficiente, que non hai sinalización, nin ninguén regulando o tráfico. A xente que pasou por alí comenta que había risco porque non había ninguén regulando esa situación, así que ás veces producíanse situacións de perigo.

2.- Sinala a sra. Diéguez que en Augas Mansas hai uns pasos elevados polos que ela pasou de noite e parécelle que a pintura está moi deteriorada, e non se ven ata que se mete un neles. Pensa que se debería de revisar iso porque para ela tamén é un problema de seguridade viaria.

3.- A sra. Diéguez, con respecto á limpeza da folla en Rivas, sinala que na obra que se fixo alí, o ano pasado recollérase toda a folla e quedara ben, pero este ano non se fixo, e se non se recolle despois esa folla apodrece e volve haber terra. Pensa que é o momento, pide que se faga a limpeza de toda a vía, porque o ano pasado fíxose só arredor da carballeira e non se fixo polo camiño, que é estreito, que baixa do cruceiro cara a parte de abaixo de Rivas, e aí ademais de folla xa hai terra. A veciñanza queixouse cando o ano pasado se recollera a folla arriba de que eles estaban discriminados, por que alí non se recollía, e pensa que con toda a razón. Opina a sra. Diéguez que se fixo a obra e se debe facer o mantemento de forma íntegra.

4.- A sra. Diéguez di que quere facer fincapé en que en Montouto non sabe que pasou coa iluminación porque ao parecer nun momento había máis farolas, e parece que hai farolas que son da urbanización e outras que son públicas. Pensa a sra. Diéguez que as públicas non están en funcionamento, e o caso é que de noite aí non se ve absolutamente nada, está totalmente ás escuras. Indica que sería por onde está o Día, onde a parada de taxis, os edificios que están para a parte de atrás.

O sr. alcalde aclara que alí dentro desas urbanizacións, en concreto por exemplo dentro da que ten o parque, hai zonas que son públicas e zonas que son privadas. Entón o que se substituíu, se non se equivoca, foron as farolas públicas, e as privadas loxicamente non se substituíron nin teñen alumeado da rede pública, polo tanto hai que ver en concreto as situacións nas que hai pouca luminosidade, comprobar se son públicas e privadas e en que situación está. Sinala que dende logo se son públicas e se comunica ao Concello xa se arranxan de forma inmediata.

A sra Diéguez sinala que xa lle comentaran que había ese conflito, que unha parte era pública e outra privada, pero ela entendeu que das que se queixaban era das públicas. Considera que sería conveniente que o goberno se informara mellor, ou polo menos iso é o que lle transmiten a ela.

5.- Di a sra. Diéguez que lle faloron da pista que vai dende a carballeira de Carballal ao cruce do centro médico, que ao parecer os vehículos van por aí a demasiada velocidade e que tamén hai problemas de seguridade viaria.

O sr. Igrexas di que naquela zona hai un badén.

6.- A sra. Diéguez sinala que onde estaba o restaurante As Pontes desapareceu unha tapa da rede de sumidoiros, entón quedou alí un burato que constitúe un perigo, polo que pide que se amañe.

7.- Sinala a sra. Diéguez que na pista do colexio de Calo, ao cortala polas obras da Cascalleira, desviáronse os autobuses. No IES informaron de que había outras paradas, pero polo que entende á veciñanza non se lle informou, só se lles dixo aos condutores que informaran. O caso é que houbo veciños que estiveron esperando na parada por un autobús que nunca chegou. Considera a sra. Diéguez que non custa nada, se son dous ou tres paradas, poñer un cartel, ademais de dicirllo ao condutor do autobús, porque non todo o mundo colle o autobús todos os días. Pide que se teña en conta para vindeiras ocasións, xa que hai que ter un pouco de empatía coa xente que colle os autobuses. Explica que o outro día unha veciña de Mouromorto estivo esperando un autobús que non apareceu nunca.

A sra. López di que aí o problema é que Mombús ten unhas paradas que están asociadas a unhas marquesiñas, pero logo hai unha tradición de parar noutras que non son paradas oficiais, e nese caso do que fala a sra. Diéguez pensa que é unha destas paradas, pois en Mouromorto hai unha desas. Polo tanto, como non existe, non ten marquesiña, tampouco ten ningún poste indicador, polo que non había espazo físico



para colgar o cartaz. Entende a sra. López que sería ese o problema porque Mouromorto ten dúas desas paradas, e o resto estaban indicadas.

8.- Sinala a sra. Diéguez que nos Tilos, na rúa Ameneiro, houbo unha obra do POS parece que de Midón, e deixaron alí sen arqueta, e empoza a auga.

9.- A sra. Diéguez, refírese ao soto do Auditorio Constante Liste e ás obras que se fixeron, e pregunta se as humidades que hai van quedar para sempre, e se non hai forma de poñer algo de ventilación. Explica que, en ocasións, segundo entras notas que aquilo está demasiado irrespirable. Reitera a sra. Diéguez a pregunta de se van a quedar así, se ten solución ou se non se considera importante.

O sr. alcalde di que espera que non haxa moita humidade porque está ao lado o arquivo, e que como haxa moita humidade é un problema, pero que en todo caso mirarase tecnicamente, comentarase a Urbanismo as deficiencias que poida haber, que supón que serán pola parede frontal onde se fixo a rampla.

A sra Diéguez di que no chan está esa cor branca, e pregunta que de que provén.

O sr Igrexas comenta que aí non había humidade antes das obras, que o ano pasado celebrouse alí todo o ano o programa Vives Emprega, sen problema ningún.

O sr. alcalde recalca que de calquera xeito mirarase a ver se iso é humidade realmente, se se considera tamén poñer un humidificador, que non é un problema, e ademais ver de intentar evitar que entre, porque debeu de ser, se existe, unha tela asfáltica que quedou mal posta, polo que se mirara.

10.- A sra. Diéguez comenta que xa viu nas redes que polo día de Rosalía ou polo mes de Rosalía de Castro hai organizados dous actos, o mércores 23, unha plantación dunha figueira no parque municipal de Luou, e outro día o 26 unha gala Rosaliana con artistas locais. Di que descoñece se hai algo máis e sinala que lle parece perfecto que

se organicen cousas en torno á figura de Rosalía, engadindo que supón que se informará con tempo para poder asistir a esa gala.

A sra. López di que o día de Rosalía cadra moi mal porque é un día lectivo, pero xa estaba apalabrada coa Casa Rosalía de Castro a plantación da filla dunha figueira de Rosalía de Castro, e entón vaise plantar este ano nun acto que tamén contará con Alex Regueiro e aínda non se pode confirmar quen máis, pero será ás 13.30 horas.

Explica a sra. López que tamén hai organizado un acto ao que se lle chamou Xornada Rosaliana, co que se pretende vincular un pouco a obra e vida de Rosalía de Castro co Concello de Teo, e para iso o que se fixo foi implicar aos grupos de teatro municipais, que por sorte hai tres, aos de guitarra, a un artista local que vai facer unha “*performance*” durante a velada, e que esta estará guiada por Tero, dos Quinquilláns, que é a mesma persoa que ten un programa de visitas guiadas na Casa de Rosalía de Castro con ela mesma personificada de Rosalía.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

As/os concelleiras/as do PSdeG-PSOE formulan os seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra Lemus di que fixo unha pregunta sobre os camelios da zona de Igrexa de Calo, da súa retirada, e ademais hai que arranxar os accesos á zona do parque de gandeiros. Pregunta se hai pensada algunha previsión de tempo.

O sr. Igrexas, tratándose dos camelios, di que en principio se van a retirar parte deles. Aquela rúa ten atrancos para a mobilidade importantes e, máis que os camelios, hai farolas postas que teñen unha limitación de trinta centímetros co cal na rúa non é só o tema dos camelias, aínda que os camelias teñen un problema a maiores que ao final é o determinante, que é que invaden o carril de circulación de xeito clarísimo. Están mal enraizadas, medran en vertical, porque deben de estar enriba de algún tipo de conducción, e oa medran obliquo, fillan porque a árbore quere recuperar a súa verticalidade. Considera que plantar árbores nunha beirarrúa de un metro é de moi mal prognóstico para a árbore en xeral, e entón vanse quitar. Explica o sr. Igrexas que

quitar unha árbore tampouco necesita unha planificación excesiva, quitáronse once ou doce en Cacheiras hai unha semana ou dúas precisamente polo mesmo, non teñen maior sentido nunha beirarrúa. De feito fixérase unha consulta popular fai cuestión de cinco anos e a poboación decidira retirar os camelios de Cacheiras. En canto ao parque dos gandeiros está prevista unha reforma, que xa tiña que estar feita, xa que no seu momento Son de Teo planificouna para fai dous anos, porén despois, por cousas de cogoberno, non se fixo e no momento que se faga amañaranse os accesos.

2.- A sra. Lemus manifesta que o 5 de xaneiro presentou por rexistro unha solicitude dos informes da Xunta de Galicia sobre a EIM dos Tilos, e aínda está sen resposta.

O sr. alcalde pide desculpas e di que foi fallo del.

O sr. Igrexas explica que, sobre os informes da Xunta que falan das deficiencias da EIM dos Tilos, unha cousa son os informes da Xunta de outra o das inspeccións. Nas inspeccións da Xunta constatan determinado tipo de cuestións e logo hai outras que xa non as constatan porque son evidentes, como é un ascensor. Esa escola ten un ascensor que comunica o patio coa parte de arriba, e iso nunha escola infantil non ten moito xeito. Agora, co Covid, como non se pode utilizar o ascensor hai que baixar os nenos por unha escaleira. A estrutura da propia escola está provocando ese tipo de situacións. Hai cousas que se falaran varias veces, a estrutura é moi antiga e da para o que da, hoxe en día practicamente a Xunta non a autorizaría. Na da Ramallosa a seguridade é total, sáese ao patio e saen todas as aulas, e todas teñen saída de emerxencia, e as escolas antigas non teñen. Aclara que o informe de inspección xa non fai referencia a iso porque é constitutivo da escola, pero si que é unha eiva importante.

A sra. Lemus quere aclarar, por se acaso se perdeu na explicación, que nunha xunta de portavoces falouse das deficiencias da EIM dos Tilos, e que había informes da Xunta que determinaban a necesidade, por incumprimento da normativa, do seu peche ou da valoración do peche, por iso se quedou co tema na cabeza. Sinala que a súa petición é referente á *“copia dos informes de inspección da Xunta de Galicia, Consellería de política e social no que se indique que a EIM incumpre a normativa e*

*que se debe de proceder ao seu peche*". Salienta que foi o que ela entendeu nesa reunión e cree que era a idea transmitida naquel momento. En todo caso, di que se o sr. Igrexas considera que nos informes non pon iso, tamén solicita aclaración.

O sr. Igrexas responde que o que alí se dixo, non é que nos informes se recolla a necesidade de pechar a escola, porque senón habería que pechala xa. Nos informes pódense recoller determinadas eivas, que normalmente son subsanables, algunhas si e outras non. Por exemplo, non está prohibido que nunha EIM haxa un ascensor, pero baixo calquera punto de vista de seguridade é un elemento que non debería de estar nunha EIM. Iso é algo lóxico. Igual que as aulas teñan acceso directo ao exterior pois tamén hoxe en día nos códigos técnicos da construción de EIM non se permitiría construír unha escola na que as aulas non tiveran saída ó exterior. Pero iso non quere dicir que as que veñan de atrás incumpran a normativa, senón que a cumpren de xeito máis precario.

A sra. Lemus di que en todo caso agarda dito informe.

3.- A sra. Lemus refírese ás subvencións directas de Deportes e sinala que lles comentan que houbo algún problema co período de subsanación de deficiencias e non ten moi claro o que pasou, pero que ao parecer nese período de dez días para emendar houbo algunha solicitude que non se lle notificou esta posibilidade de subsanación e que quedou incompleta. A sra. Lemus solicita información sobre o tema.

O sr. Igrexas di que non foron as axudas directas, senón as de concorrencia competitiva. Explica que houbo unha eiva de dous deportistas que non xustificaron adecuadamente uns méritos. Entón a valoración técnica non llos contabilizou, pero non era tanto de período de documentación complementaria senón de reclamar méritos e os méritos en principio nunha convocatoria non se poden reclamar porque pode haber méritos que descoñezas. Os méritos valóranse, outra cousa é que haxa documentación complementaria para admitir a solicitude a trámite que esa é a que se solicita. Pero os méritos en principio non se pode saber cales son se non están xustificadas.

A sra Lemus quere saber se entón o problema era que había méritos sen xustificar, pois non entendeu.

O sr. Igrexas di que el non valorou eses méritos entón non ten na cabeza os expedientes, pero o informe técnico que se remitiu non os contabilizaba porque consideraba que non era posible valoralos. Entón o informe está feito e está asinado polo técnico que fixo a valoración e non é no proceso anterior no que se avalía se se admite ou non a trámite, que aí é onde a nivel administrativo se reclama, se non está suficientemente claro. Salienta o sr. Igrexas que de todos os xeitos está falado e tratado coas dúas persoas e en principio está explicado.

A sra. Lemus pregunta se a valoración se fixo polo técnico municipal, respondendo o sr Igrexas que non, que non hai técnico municipal de Deportes dende hai un ano, xa que a técnica atópase de baixa.

4.- Di a sra. Lemus que mandou tamén un correo electrónico comentando a solicitude dos veciños, tamén en Fornelos, non só do saneamento, senón da ampliación da pista dende Fornelos cara ao cemiterio, para que se valore. Sería, en vez de ir cara ao pazo, continuar a pista cara ao cemiterio. Trátase dunha pista longa, non é de ampliación de proxecto, pero era para que se valorase e na medida do posible que se considere cando se poida.

O sr. alcalde di que tería sido mellor poñer ese ramal porque tampouco da a impresión de que o outro, o que vai cara ao pazo, sexa moito máis concorrido e no que vai cara ao cemiterio pensa que pasa o bus escolar, o do instituto. Entón igual foi un erro no seu momento tomar esa opción, pero valoráranse as posibilidades.

5.- Pregunta a sra. Lemus que pasou co banco dos Tilos, os da praza cuberta, pois seica desapareceron, e que apareceron nun monte, ou iso é o que din os veciños, aínda que eles tampouco saben se é así. Parece ser que apareceron no monte de

Santiago, co cal non sabe como se vai a proceder á súa reposición. A sra. Lemus pide información sobre o tema.

O sr. Igrexas di que os bancos, segundo informou a policía local, sacáronse da praza dos Tilos, e estaban nun monte que, anque sexa moi dramático dicir que é do Concello de Santiago, realmente son cincuenta metros, co cal tamén hai que entender que están xusto ao borde, entón por pouco que se movan acaban en Compostela. Explica o sr. Igrexas que se retiraron, están na nave de obras e estase valorando cal é a mellor forma de proceder

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr. Sánchez pide, no nome do sr. Guerra, información acerca do que consultara no Pleno de decembro acerca da fibra en Chaves e o asfaltado. En teoría a fibra ía estar posta a principios de xaneiro e aínda non se puxo, polo que queren saber se hai noticias ao respecto, e exactamente o mesmo con respecto ao asfaltado.

O sr. alcalde, tratándose da fibra, resposta que partindo de que non é unha competencia municipal, e de que quen fai a contratación é o Ministerio, parece ser que hai unha prórroga dun ano máis para a execución e instalación deses ramais. A súa percepción, ademais nese caso, é que a compañía, como aí ten avanzados os proxectos, de cara á primavera pode estar colocado. Está prevista nesta primeira quincena unha nova reunión cos operadores e ver se é así e se cumpren eses prazos, pero previsiblemente é o que vai acontecer. Sinala o sr. alcalde que, en todo caso, el está bastante máis preocupado coa segunda fase que coa primeira. Explica que di isto porque o Ministerio concertou cunha serie de compañías a difusión da rede nunha serie de núcleos. Con todos os atrasos a que deu lugar o COVID e demais e as prórrogas que o Ministerio lle fai e partindo de que quen lle paga ás compañías é que ten posibilidade de reclamarlle e presionalas para executen nos prazos correspondentes, é certo que con un maior ou menor atraso se vai completar pouco a pouco, tal como vai o desenvolvemento. O problema que están comezando a atopar é en núcleos aos que si

xa chegou a fibra e que as compañías consideran que teñen cuberto unha vez que cobren o 70% da poboación. Co cal se atopan con casas que están fóra, ou un pouco distantes do núcleo, e que a compañía non accede a dar cobertura porque di que eles o contrato con ese núcleo o teñen cuberto. Di que por iso lle preocupa máis, porque ese si que é un problema de difícil solución de cara ao futuro, mais que facer unha nova solicitude, que xa se realizara, para esas zonas, tendo en conta que esas zonas son moi disgregadas. Salienta que hai algunhas disgregacións que corresponden a dúas ou tres casas pero hai moitas que corresponden a casas máis ou menos illadas e distantes.

2.- O sr. Sánchez refírese ao lugar de Feros e di que alí fai xa un par de meses se demandou o arranxo da pista en canto se entra pola estrada principal de Cacheiras cara Feros. Hai un pequeno río e o problema é que a tubaxe que canaliza parte do río rompeu, e tirou unha sinal que había alí, pero en segundo lugar o problema é que a auga está minando por debaixo da carreteira. Entón hai o perigo de que pouco a pouco vaia minándoa de todo e nalgún momento ceda o terreo co cal si que cree que é unha desas situacións na que conviría velo canto antes.

3.- O sr. Sánchez di que no tramo que vai de Espasande a Insua, onde se está facendo a senda, non sabe se por motivo das obras, porque esa estrada xa non estaba en demasiado bo estado, ou por todo en xeral, a verdade é que xa parece territorio comanche. Di que se desfixo nestes cinco ou seis meses que van de obra. Di que non sabe se se ten pensado en canto remate a obra botarlle unha capa asfáltica, pero boa falta fai.

O sr. alcalde di que está de acordo, de feito na xunta de portavoces propuxérase esa obra, que se vai a esperar a que acabe a construción, que nun mes como moito debería de estar rematada, e a ver como se afronta esa reparación.

4.- A sra. Vázquez di que na parada de bus que hai en Pontevea, fronte ao Senra, hai uns contedores e pregunta se hai posibilidade de movelos algo, para que quede máis accesible a entrada do autobús, pois non entra ben.

O sr. alcalde di que se mirara.

5.- A sra. Vázquez di que a pista das areas, a que vai ao meterse onde a gasoleneira cara o interior de Reis e Padrón, está outra vez mal. Tivo un arranxo pero agora, tanto antes da ponte coma despois, volveu abrir.

O sr. Igrexas di que se fixo a semana pasada.

A sra. Vázquez sinala que como estivo un pouco limitada en mobilidade non pasou por aí a semana pasada.

6.- Pregunta a sra. Vázquez se en Xermeade hai posibilidade de suxeitar os contedores, porque cando fai moito aire os que están arriba, sobre todo onde a estrada xeral, sempre acaban por aí ciscados. Di tamén que a veciñanza pedía a posibilidade de que se puxese outro máis de orgánico.

7.- A sra. Vázquez, dirixíndose ao sr. Igrexas, di que alí, nese mesmo sitio, onde se acabou de asfaltar, quedou agora un carballo coas polas fóra e non sabe se hai que solicitar ó dono da finca que o pode, ou se se pode facer directamente.

8.- Pregunta a sra. Vázquez, con respecto á obra de Xermade, se sería posible, na estrada central, revisala, pois hai algúns baches que quedaron sen tapar, e, polo menos mentres non se poidan tomar outras medidas, estaría ben arranxalos.



9.- Refírese a sra. Vázquez a obra de Pontevea, onde está o aparcadoiro, e pregunta por que a decisión da senda peonil foi por onde está en vez de pegala aos muros, xa que agora realmente para aparcar os coches teñen que pasar polo medio.

O sr. Igrexas di que se valorou un lado e outro. O lado que ía pola beira do muro era máis curto, máis barato, pero hai que dar acceso ao campo de fútbol e ao mesmo tempo tamén ao local, ao parque, e toda esa zona queda do outro lado, senón obrigase á xente a cruzar polo carril de tránsito. Por iso se optou polo outro, foi unha opción que se debateu e a razón final é esa, facilitar que a xente chegue andando ás instalacións que existen alí.

10.- A sra. Castro pregunta como van os trámites do semáforo sonoro de Montouto, que se solicitou por parte dun veciño.

O sr. alcalde di que se está pendente doutro presuposto, e que espera que neste mes quede instalado.

11.- A sra. Castro pregunta cal sería a previsión para reparar o camiño de Beitureira no número 6, pedido no mes de outubro, e anteriormente pedido en xullo á anterior concelleira de urbanismo. Aclara que lle volveu a chamar a persoa interesada, xa que é o único acceso que ten para a casa.

12.- A sra. Calvo di que quere preguntar basicamente sobre o que comentou a sra Lemus pola EIM, porque temen por un posible peche, e saber un pouco como estaba o tema, que xa se comentou.

13.- A sra. Calvo tamén se interesa polo tema dos bancos, do que xa falou tamén a sa Lemus.

14.- Dirixíndose ao sr. alcalde, a sra. Calvo dille que se comprometeu a traer ao Pleno a suba de tarifas dos taxistas e pregunta como está ese tema, porque como a sra. López estaba fóra, no estranxeiro, e competía tamén ao seu departamento.

A sra. López e di que como estivo fóra organizouse despois. Explica que basicamente eles fixeron unha proposta que se basea noutras tarifas que hai noutro concello pero a ordenanza do Concello de Teo non tarifa en tres, que era a súa proposta, entón houbo que recalcular. Aclara que eles presentaron unha tarifa que era día, noite e fins de semana, e en Teo non hai esa tarifa, senón que hai día, noite máis fins de semana, todo xunto. Entón houbo que facer un promedio, acordouse con eles porque non coincidía exactamente coa súa tarifa. Explica que houbo unha reunión na que se chegou a un acordo, pero non se elevou ao Pleno de momento porque ten que informar Secretaría o cambio de ordenanza.

A sra. Calvo manifesta que se a sra. López está en contacto con eles e vai por bo camiño, engadindo que como non vira o tema na orde do día por iso se interesou, porque quería saber como estaba.

15.- A sra. Rosende di que quere facer un rogo para a aldea de Noenlles e Procelas, que xa fixo máis veces. Explica que teñen a estrada que comunica pola parte de atrás completamente desfeita, e xa non é só que estea desfeita, é que está perigosa para os nenos que andan nas bicis, porque hai moitísima grava solta, para a xente que anda a pé, non só son as fochancas, porque a grava alí é un problema gordo porque se derrapa cas bicis, e hai nenos nas dúas aldeas. Di que descoñece se se vai arranxar ou non, porque xa son dous anos pedíndoo, ou incluso máis. Pide a sra. Rosende se se pode contemplar e ir a miralo.

16.- A sra. Rosende di que nesa zona tamén se pedira a fibra óptica. Aí abarca todo, Tras do Eixo, Penelas, Noenlles, Procelas, hai xente que teletraballa e teno complicadísimo. Di que descoñece se está parado, porque en principio se falara de que era para decembro.

O sr. alcalde responde que tiñan o límite do mes de decembro, pero houbo a prórroga esa da que se falou antes, engadindo que de calquera xeito el é bastante optimista en que cara ao verán estea solucionado.

17.- A sra. Rosende sinala que alí mesmo, na carreteira que baixa do cemiterio a Cacheiras, non sabe que foi o que fixeron alí xa hai tempo que atravesaron a carreteira, abriron unha gavia dun lado a outro, e agora formáronse unhas fochancas que obrigan a ter que parar o coche, non vale nin para pasar andando, hai que parar o coche, literal. Sinala a sra. Rosende que non é máis que ir a bachear, xa que que o resto da estrada está máis ou menos ben.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz